



## ACTUALIDADE

Prezada comunidade:



A conexión coa contorna é a base do noso traballo, a nosa razón de ser. Así, no marco da nosa Axenda Científica, unha das nosas prioridades estratéxicas a **Economía da felicidade, do ocio e do deporte**, ámbito no que traballa o noso investigador **Ángel Barajas**, que dende este verán preside a Sociedad Española de Economía del Deporte. Entre os seus obxectivos nesta nova responsabilidade, precisamente está o de fomentar a actividade académica e investigadora dende a perspectiva da análise económica e a xestión das entidades e empresas deportivas. [Le a nova na web](#)



No relativo á colaboración internacional e recoñecementos no seo da academia, temos tamén excelentes novas que compartir, pois o noso investigador garante, **Xosé H. Vázquez**, ven de ser nomeado membro do Comité Asesor Externo de CEGE – Research Centre in Management and Economics, pertencente a Católica Porto Business School.



No apartado da contribución científica, o traballo de investigación de ECOBAS obtivo un dobre galardón na AEDEM XXXII International Conference celebrada en Palermo a principios de setembro. **María Bastida** e **Miguel A. Vázquez Taín** foron distinguidos co *Legacoop Best Paper Award in Cooperative Businesses*; e o *Ruibal Formación Best Students of Doctorate Candidate Award* recaeu en **Inés Filipa Almeida Díaz**, doutoranda de **Elena Rivo** e **Mónica Villanueva**. [Le a nova na web.](#)

**ECOBAS CLOUD >>>** Hai uns días tivemos a ocasión de presentar ao noso equipo os avances no desenvolvemento da plataforma “ECOBAS Cloud”. Na nosa condición de centro de investigación interuniversitario no camiño da excelencia, despregamos unha infraestrutura propia con capacidades e ferramentas destinadas a favorecer o desempeño e os resultados da tarefa investigadora en ciencias sociais. En paralelo aos nosos plans de dixitalización, iniciaremos de seguido as accións formativas de capacitación e mellora das competencias científico-técnicas do noso persoal.

**CONVOCATORIAS ABERTAS >>>** A piques de rematar o prazo para solicitudes da convocatoria de AXUDAS ECOBAS para a realización de **actividades de I+D+i**, o **persoal investigador adscrito** ao noso centro pode obter o **co-financiamento de desprazamentos** que sexan realizados para asistir a congresos, seminarios, obradoiros ou conferencias, cursos de formación especializada e visitas preparatorias para colaboración ou propostas, que fomenten a participación activa do persoal de ECOBAS en proxectos autonómicos, nacionais, europeos ou internacionais altamente competitivos. Esta convocatoria estará ABERTA ata o 31 de OUTUBRO 2025.

**EN DIANTE >>>** Ademais da programación habitual semanal na que alternamos seminarios de doutoramento e seminarios de investigación senior para o intercambio de coñecemento e achegas con visitantes de moitas latitudes, as nosas portas abrirán a todos os públicos no espazo ECOBAS na expo-feira científica G-Night; estades convidadas/os á apertura do ano académico 25/26; celebraremos en outubro o noso encontro científico anual; e nas vindeiras semanas desenvolveremos unha serie de xornadas para impulsar a transferencia e tecer novas relacións co sector empresarial.

Non perdades os detalles da nosa axenda e toda a actualidade que repasamos a continuación.- Saúdos!!

# AXENDA



## >>> RESEARCH SEMINAR: GLENN SHERIFF, ARIZONA STATE UNIVERSITY

VENRES  
19/09  
12:00H

### "Tracking joint exposure to multiple environmental stressors"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: SANTIAGO DE COMPOSTELA. Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC. AULA 30.
- ONLINE. ECOBAS Academy vía Teams. Imprescindible [registro previo, AQUÍ](#).



## >>> RESEARCH SEMINAR: FABIAN MANKAT, KASSEL UNIVERSITÄT

VENRES  
26/09  
12:00H

### "Cooperate or defect? Strategic opposition in the shadow of repression"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula-seminario 7.
- ONLINE. ECOBAS Academy vía Teams. Imprescindible [registro previo AQUÍ](#).



## >>> ECOBAS NA G-NIGHT 2025

VENRES  
26/09  
De 17 a 21 h

### "Os teus cartos, o teu benestar: xogando coa alfabetización financeira"

Un equipo interuniversitario capitaneado por **Sara Fernández** e **Ernesto López Valeiras**, membros permanentes de ECOBAS, xogará este ano cos visitantes da expofeira científica da Noite Galega das Persoas Investigadoras para explorar a relación das persoas co diñeiro. Reflexión, diversión e aprendizaxe, garantizadas.

- Actividade presencial.
- LUGAR: Edificio Redeiras, 3º andar. Rúa do Berbés, 11. VIGO.



## >>> NOVO WEBINAR ECOBAS CLOUD: SERVIDORES VIRTUAIS

ONLINE  
01/10  
12:00H

EXCLUSIVO para MEMBROS ADSCRITOS a ECOBAS, neste webinar coñeceremos as vantaxes e capacidades que temos a disposición do persoal investigador na infraestrutura cloud do noso centro.

- Con Alberto Permuy, director técnico de CODERY
- Máis información: [ecobas@ecobas.gal](mailto:ecobas@ecobas.gal)



# OUTUBRO



## >>> RESEARCH SEMINAR: VALERIE MUELLER, ARIZONA STATE UNIVERSITY

**VENRES**  
**03/10**  
**12:00H**

### "Social Assistance and Adaptation to Flooding in Bangladesh"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: SANTIAGO DE COMPOSTELA. Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC.
- ONLINE. ECOBAS Academy vía Teams. Imprescindible [registro previo, AQUÍ](#).



## >>> III JORNADA AFFE | STARTUPS ANTE UN ENTORNO CONVULSO. O PAPEL DA CONTABILIDADE E AS FINANZAS.

**Valencia,**  
**6 de**  
**OUTUBRO**

O Observatorio AFFE promovido e participado por persoal investigador de ECOBAS, en colaboración con expertos doutras institucións alleas ao SUG, organiza a terceira edición deste encontro anual que se consolida como evento de interese nacional e por primeira vez se celebra fora de Galicia:

- LUGAR: Marina de Empresas, VALENCIA
- FORMATO: Híbrido, presencial e online
- Máis información e inscricións, [AQUÍ](#)



## >>> SAVE THE DATE: APERTURA ANO ACADÉMICO ECOBAS 25/26

**MARTES**  
**07/10**

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC será a anfitroia nesta ocasión para o acto de apertura de curso en ECOBAS, correspondente ao ano académico 2025/2026.

- Próximamente dispoñible a axenda do evento.
- Lugar de celebración: Santiago de Compostela.



## >>> CURSO INTRODUTORIO DE R (2ª EDICIÓN) CON JAVIER ROCA PARDIÑAS

**Online,**  
**9 e 10**  
**OUTUBRO**

Por segundo ano consecutivo o Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial ofrece en exclusiva para o seu alumnado esta formación especializada.

- Formador: Javier Roca Pardiñas, investigador de CITMAGA
- Modalidade: 100% online
- Destinatarias/os: EXCLUSIVAMENTE alumnado do Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial. [Solicita aquí a túa inscrición.](#)
- Horario: de 11:00 a 14:30 h
- Matrícula: gratuita



# OUTUBRO



## >>> SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: ALEJANDRO FORTUNY

**MARTES**  
14/10  
13:00H

### "Social Assistance and Adaptation to Flooding in Bangladesh"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula 156.
- ONLINE. ECOBAS Academy vía Teams. Datos para rexistro dispoñibles proximamente.



## >>> DEFENSA DE TESE: JOSEPHINE BECKER (UVIGO)

**MÉRCORES**  
15/10  
13:00H

### "Prefigurative Politics as a Temporal Arc and Disruptive Protest: A Militant Ethnography with the student climate movement End Fossil"

- DIRECCIÓN: Mario Pansera e Samer Richard Abdelnour.
- Actividade presencial.



## >>> SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: NAHUEL DEPINO (UVIGO)

**XOVES**  
16/10  
13:00H

### "Revisiting Organizational Slack: Integrative Synthesis, Institutional Determinants, and Implications for Corporate Behavior"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online.
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula 156.
- ONLINE. ECOBAS Academy vía Teams.




## >>> SAVE THE DATE: ENCONTRO CIENTÍFICO ANUAL ECOBAS

**A CORUÑA**  
21/10  
10 a 15 h

Esta terceira edición do encontro científico anual ECOBAS terá lugar no edificio ESCI da UDC, lugar onde o noso centro conta co seu espazo interuniversitario, trala recente dotación realizada neste emprazamento da universidade coruñesa.

Será unha xornada presencial para avaliación do noso traballo neste exercicio, seguimento do plan estratéxico e intercambio relacional, transcurridos os primeiros meses trala última incorporación de novo persoal investigador adscrito.

Reservade as vosas axendas. Contamos con todos vós!!



## CONVOCATORIAS ABERTAS



### >>> AXUDAS ECOBAS PARA ASISTENCIA A ENCONTROS CIENTÍFICOS



2025

O obxectivo desta convocatoria é o de **co-financiar os desprazamentos do persoal investigador vinculado** ao centro e que sexan realizados promocionando ou desenvolvendo as liñas estratéxicas da Axenda Científica de ECOBAS, e contribuíndo ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS como centro de investigación.

O segundo prazo aberto para a solicitude destas axudas permanecerá **aberto do 15 de setembro ao 15 de outubro de 2025 ás 23.59 h.**

• Accede [AQUÍ](#) á información completa: [BASES DA CONVOCATORIA e Anexos.](#)



### >>> AXUDAS ECOBAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D+i



2025

A vindeira semana rematará o prazo para a presentación de proxectos á convocatoria de AXUDAS ECOBAS 2025 para a realización de actividades de I+D+i, destinada ao **persoal investigador adscrito** ao centro de investigación ECOBAS.

- Obxectivo: promover e apoiar a realización de actividades de I+D+i por parte do persoal investigador do centro ECOBAS, especificamente aquelas que posibiliten o desenvolvemento das liñas estratéxicas da Axenda Científica do centro e contribúan ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS.

- Aberto segundo prazo:
  - ATA o 25 de setembro de 2025 ás 23.59 h.

• [BASES DA CONVOCATORIA \(PDF\)](#) · [ANEXO I: formulario solicitude](#) · [ANEXO II: declaración de axudas](#)

**Aínda estades a tempo de presentar as vosas propostas!!**


# PRODUCCIÓN CIENTÍFICA




## >>> WORKING PAPER SERIES

A través da Working Paper Series de ECOBAS achegamos a toda a comunidade de ciencias sociais novos traballos en progreso compartidos polos membros de noso equipo investigador.


Agardamos as vosas achegas, que podeades enviar en calquera momento, ao buzón [direccion.cientifica@ecobas.gal](mailto:direccion.cientifica@ecobas.gal).




- **ECOBAS WPS 03/25**  
**Fernando del Río & Francisco X. Lores**  
[Drivers of Regional Economic Development: Technological Change vs Market Distortions in Galicia 1967-2020](#)



- **ECOBAS WPS 04/25**  
**Fernando del Río & Francisco X. Lores**  
[TFP and Global Growth: Shaping Cross-Country Income Inequality 1960-2019](#)



- **ECOBAS WPS 05/25**  
**Fernando del Río & Francisco X. Lores**  
[Lessons from China and India: Policy Drivers of Rapid Growth in Emerging Economies](#)



- **ECOBAS WPS 06/25**  
**Fernando del Río & Francisco X. Lores**  
[On Dinamic Economies with Non-Stationary Labour Intensive Margin](#)



- **ECOBAS WPS 07/25**  
**Fernando del Río & Francisco Rebelo**  
[OECD Labour Share Trends: Factor Efficiency vs. Market Distortions in a Neoclassical Framework](#)

PUBLICACIONES  
 PROXECTOS  
 WORKING PAPERS



## PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



### >>> NOVOS ARTIGOS CIENTÍFICOS DO PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

- **López-Miguens, M. J.,** Álvarez-González, P., & Dopico-Parada, A. (2025)  
[Can active and intelligent packaging support sustainability in food sector? Insights from a consumer's viewpoint](#)  
*Waste Management*, 205.
- **Quintás, M. A., Martínez-Senra, A. I.,** & Otero-Giráldez (2025)  
[Do technology and market orientations enhance financial performance? A comparison between climate change mitigation and adaptation and other fields](#)  
*Sustainable Futures*, 10.
- **Bastida, M., Tain, M. A. V., Garcia, A. V.,** & Araujo, M. L. d. R. (2025)  
[Gender blindness in the "Next Generation European Union" funds: Projects for Economic Recovery and Transformation social economy as an exception to the rule](#)  
*Annals of Public and Cooperative Economics*, 96(3), 487-511.
- **Rodríguez-Míguez, E.,** & Mosquera, J. (2025)  
[Health-related quality of life in patients with alcohol use disorder: comparing instruments and mapping from clinical measures to preference-based measures](#)  
*European Journal of Health Economics*
- **Alonso-Villar, O.,** & **del Río, C.** (2025)  
[How do same-sex couples fare in the U.S. income distribution?](#)  
*Review of Economics of the Household*
- **Hervés-Beloso, C.,** & Salas-Gutiérrez, A. (2025)  
[Some Applications of Berge's Theorem to Equilibrium Problems](#)  
*Journal of Dynamics and Games*, 12(4), 392-405.
- **Bergantiños, G.,** & Moreno-Ternero, J. D. (2025)  
[Streaming problems as \(multi-issue\) claims problems](#)  
*European Journal of Operational Research*
- **Bergantiños, G.,** & Moreno-Ternero, J. D. (2025)  
[The Shapley index for music streaming platforms](#)  
*Information Economics and Policy*, 71.
- **Rodríguez-Míguez, E.,** & **Sampayo, A.** (2025).  
[Authors' Reply to Sadia Farhana's Comment on: "Comparison of Caregiver and General Population Preferences for Dependency-Related Health States"](#)  
*Applied Health Economics and Health Policy* (Vol. 23, Número 5, pp. 933-934). Adis.

## PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



### >>> NOVOS ARTIGOS CIENTÍFICOS DO PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

- **Rodríguez, X. A., Martínez-Roget, F., & Loureiro, M. L.** (2025)  
[Crises and tourism demand in Spain](#)  
*Heliyon*, 11(13)
- Charro, M. C., **Portela, M.**, Feas-Vazquez, J., & de Jimenez, Y. N. C. (2025)  
[Determinants of Teachers' Professional Skills in Ecuador](#)  
*Revista Conrado*, 21(105)
- **Rey Ares, L., Álvarez Espiño, M., & Fernández López, S.** (2025)  
[Estudio de la situación, condiciones y expectativas laborales en relación con la fragilidad financiera de los hogares en España](#)  
*Cuadernos de relaciones laborales*, 43(1), 183-206.
- **Fernández-López, S., Rodríguez-Gulías, M. J., Calvo, N., & Rodeiro-Pazos, D.** (2025)  
[Gender diversity and innovation performance in family firms: Evidence from the Spanish manufacturing industry](#)  
*Journal of Engineering and Technology Management - JET-M*, 77.
- Pazos-García, M. J., López-López, V., **Vila-Vázquez, G.**, & González, X. P. (2025)  
[Governance, quality of life and city performance: A study based on artificial intelligence](#)  
*Journal of Computational Social Science*, 8(4).
- Castro-Casal, C., **Vila-Vázquez, G.**, & García-Chas, R. (2025)  
[How and when employees' attributions of their employers' CSR activities affect their extra-role work behavior](#)  
*Business Ethics, the Environment and Responsibility*, 34(4), 1399-1411.
- Siaba, S., & **Casal, B.** (2025)  
[Economic and human burden attributable to antimicrobial resistance in Spain: a holistic macro-estimation of costs](#)  
*European Journal of Health Economics*, 26(6), 893-926.
- Saadon, B. K. S., **de Llano Paz, F.**, & Martínez Fernández, P. (2025)  
[The Impact of Sovereign Wealth Fund Acquisitions on Corporate Performance and Value. A Comparative Study in the Madrid and Saudi Stock Exchanges](#)  
*Theoretical and Practical Research in the Economic Fields*, 16(2), 502-520.
- **López-Arranz, A., & Picatoste Novo, I.** (2025)  
[Trabajo informal y género: una mirada desde la perspectiva femenina](#)  
*Atlantic Review of Economics: Revista Atlántica de Economía*, 8(1).

## PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



### >>> PUBLICACIONES DO PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

#### >>> ARTIGOS CIENTÍFICOS

- **López Rodríguez, J. & Pociña Sánchez, B.** (2025)

[Unravelling heterogeneities in taxable agglomeration rents: a lens through location elasticity](#)  
*Regional Studies*, 59(1)

#### >>> CAPÍTULOS DE LIBRO

>>> En *Adoption, Impact, and Challenges of International Financial Reporting Standards* (pp. 163-196), IGI Global:

- Tenorio-Salgueiro, S., **Vivel-Búa, M., Lado-Sestayo, R., & Martínez-Salgueiro, A.** (2025)
  - [Sustainability and integration of ESG reporting: Regulatory frameworks, standardization, and the role of the ISSB](#)

>>> En *Análisis del futuro del sector turístico y casos de éxito* (pp. 313-336), Aranzadi La Ley:

- **Atrio Lema, Y. & Riveiro Conde, R.** (2025)
  - [Tres modelos para mejorar la gestión del Camino de Santiago](#)

>>> En *Thematic Encyclopedia of Regional Science*, Edward Elgar:

- **Bruna, F.** & Fernández-Sastre, J. (2025)
  - [Measurement of regional innovation](#) (pp. 188-189)
  - [Spatial trends in regional science](#) (pp. 651-652)

### >>> PROXECTOS

#### ECONOMÍAS DE AGLOMERACION, DECISIONS DE LOCALIZACIÓN EMPRESARIAL, CONTAMINACIÓN E IMPOSTOS MEDIOAMBIENTAIS

Cunha duración de tres anos, os investigadores de ECOBAS **Jesús López Rodríguez** e **Laura Varela Candamio** desenvolverán este proxecto concedido no marco da convocatoria de Proxectos de Generación de Conocimiento 2024 na modalidade de Investigación No Orientada Tipo B.

Financiamento no marco do Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2024-2027. Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades.

## OPEN CALLS



### >>> AXUDAS FUNDACIÓN RAMÓN ARECES PARA A REALIZACIÓN DE TESES DOUTORAIS EN CIENCIAS SOCIAIS

Estas axudas están destinadas a financiar contratos para a realización de teses doutorais en programas de doutoramento en universidades e outros centros de investigación españois que teñan por obxecto a consecución do título de Doutor/a a partir de xaneiro do ano 2026.

Esta convocatoria oríentase ás seguintes áreas prioritarias:

- Análise económica
- Economía da empresa
- Distribución comercial
- Historia económica
- Economía aplicada
- Dereito da Unión Europea
- Dereito e Economía



FUNDACIÓN  
RAMÓN ARECES

○ PRAZO para a presentación de solicitudes está aberto ata o 2 de outubro de 2025.

- [Descarga aquí as BASES da convocatoria](#)
- Máis información: [ayudastesis.cienciassociales@fundacionareces.es](mailto:ayudastesis.cienciassociales@fundacionareces.es)

### >>> SOCIAL RESEARCH CALL 2026 | OBSERVATORIO SOCIAL FUNDACIÓN LA CAIXA

○ Observatorio Social dla Fundación "la Caixa" lanza a convocatoria **Social Research 2026** para financiar proxectos de investigación social en España e Portugal que destaquen pola súa excelencia, carácter innovador e orientación social:

- Duración máxima: 24 meses
- Contía máxima: 115.000 euros
- [Vídeo promo da convocatoria](#)
- Contacto: [socialresearch@contact.fundaciolacaixa.org](mailto:socialresearch@contact.fundaciolacaixa.org)
- Haberá unha sesión informativa online o día 2 de outubro ás 11 h (CET), [previo rexistro AQUÍ](#).



Fundación "la Caixa" | ElObservatorioSocial



PRAZO de presentación de solicitudes: do 7 ao 22 de xaneiro de 2026 ás 14 h (CET)

## HORIZONTE EUROPA



### »»» BORRADORES PROGRAMAS DE TRABAJO HE 2026-2027

A Comisión Europea (CE) decidiu facer públicos os borradores dos Programas de Traballo (WP) de Horizonte Europa 2026-2027 de varios Clústeres do Pilar II de Horizonte Europa.

Aínda que son públicos, se trata de documentos PROVISIONAIS. Únicamente terán validez legal os documentos finalmente adoptados pola CE. É moi posible que antes da súa aprobación algún "topic" experimente modificacións, tanto na súa descripción ou alcance, como no orzamento ou datas de apertura e peche.

A continuación inclúense os enlaces ás páxinas nas que pode descargar os documentos dispoñibles actualmente:

- Clúster 1 - **Saúde**: [Draft Implementing Decision - Work Programme 2026-2027 - Part 4 - Health - version 2 of 13/05/2025](#)
- Clúster 4 - **Dixital, Industria e Espazo**: [Horizon Europe Work Programme 2026-27 - Part 7. Digital, Industry and Space - version 2 - 28 05 2025](#)
- Clúster 5 - **Clima, Enerxía e Mobilidade**: [Draft Implementing Decision - Work Programme 2026-2027 - Part 8 - Climate, Energy and Mobility - version 2 of 27/05/2025](#)
- Clúster 6 - **Alimentación, Bioeconomía, Recursos Naturais, Agricultura e Medioambiente**: [Draft Implementing Decision - Work Programme 2026-2027 \[Part 9. Food, Bioeconomy, Natural Resources, Agriculture and Environment\] v2 of 27/05/2025](#)
- Misións UE: [Draft Implementing Decision - Work Programme 2026-2027- part 12 Missions - version 2 - 20 May 2025](#)
- Nova Bauhaus Europea: [Draft Implementing Decision - Work Programme part New European Bauhaus Facility \(NEB\) - version 2 20/05/2025](#)
- [WIDERA](#)

### »»» OUTRAS CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS

- [European Defense Fund 2025](#)

Prazo previsto de peche: 16/10/2025

- [RIVCircular Matchmaking Platform](#) (ata o 31/01/2026)

Lanzamento da RIVCircular Matchmaking Platform, un proxecto europeo (HE-EIE) que entre as súas actividades contén unha convocatoria de financiamento de proxectos de innovación (IA) na Economía Circular (TRL6-8). Podes rexistrar o teu perfil na plataforma e buscar socios das rexións participantes (Madrid, Innlandet, Haut-de-France, Kosiçe, kyiv e Brandenburg).

## TALENTO



### »» ERC STARTINT GRANT: ENVÍA A TÚA PROPOSTA A ECOBAS

ECOBAS busca candidaturas para a convocatoria ERC Starting Grant 2026:

- O noso centro brinda apoio especializado para a preparación das solicitudes e apoiará candidaturas que se axusten ás prioridades establecidas no noso Plan Estratégico.
- Ponte en contacto con nós canto antes: [ecobas@ecobas.gal](mailto:ecobas@ecobas.gal)
- [Preme aquí para acceder á chamada no EU Funding & Tenders Portal](#)



- [ERC STG 2026. ERC Work programme 2026](#)  
PRAZO: 14/10/2025, 17.00 h Brussels time



**European Research Council**  
Established by the European Commission

### »» PROGRAMA SPRINGBOARD DE BRITISH COUNCIL ESPAÑA

O Programa Springboard busca facilitar a mobilidade entre **grupos de xoves investigadores** que desexen colaborar, xa sexa con vista a presentar propostas conxuntas de financiamento (por exemplo, a través de Horizonte Europa) ou a traballar en publicacións compartidas.



O programa inclúe:

- Unha reunión Springboard entre os membros do equipo colaborador de España e do Reino Unido, deseñada para:
  - Reunir aos equipos bilaterais para planificar un proxecto ou publicación conxunta
  - Servir como trampolín para solicitudes conxuntas a organismos de financiamento nacionais, europeos ou internacionais.
- Formación online en habilidades comunicativas para as persoas investigadoras en etapa inicial que formen parte do equipo.
- Estancias de investigación no laboratorio do socio para doutorandos e posdoutorandos que participen no programa.
- Obradoiros bilaterais Reino Unido-España, organizados polos socios e que terán lugar en España ou en Reino Unido.



Prazo de presentación: ata o 30 de setembro de 2025 ás 17:00 h (CET).

## MÁIS COMUNIDADE



### >>> II FORO TÉCNICO DA ALIANZA GALEGA POLO CLIMA

ECOBAS, como membro da Alianza Galega polo Clima, quere facervos partícipes da convocatoria do II Foro Técnico que terá lugar no Palacio de Exposicións e Congresos da Coruña (PALEXCO) o 25 de setembro.

O obxectivo deste encontro é impulsar a labor divulgativa, comunicativa e de acción conxunta da Alianza Galega polo Clima, buscando unificar esforzos, compartir coñecementos e experiencias e, realizar un seguimento das accións na loita contra o cambio climático dentro da rede de entidades comprometidas para a consecución dunha Galicia neutra antes do 2050.



- DATA: 25 de setembro
- LUGAR: A Coruña. Palacio de Congresos e Exposicións (PALEXCO).
- ACTIVIDADE PRESENCIAL: [solicita a túa praza aquí](#).
- Máis información: [alianzagalegapoloclima@xunta.gal](mailto:alianzagalegapoloclima@xunta.gal)

### ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Lembra visitar a nosa web e, se aínda non o fixeches, únete ás nosas redes sociais. Permanecerás alerta de todo canto acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!

[www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)

